

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou o avance da liquidación dos orzamentos dos concellos galegos correspondente ao ano 2011. Estes datos permítenos facer unha análise de cómo se ingresa e onde se gasta, e obter así unha perspectiva actual do financiamento local galego.

Os ingresos dos concellos galegos ascenderon a **2.235 Millóns de Euros** durante o exercizo 2011, **800€ por habitante**. Cabe destacar a heteroxeneidade que se produce no reparto dos mesmos. Así, e mentres 48 concellos superaron os 1.000€ por habitante, 54 tiveron uns ingresos inferiores aos 600€ per cápita.

Respecto ao ano 2010, hai que resaltar un importante decrecemento, motivado principalmente pola incidencia do Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local recibido o ano anterior. Os concellos galegos percibiron uns 300 Millóns extraordinarios por este concepto, que este ano desaparecen dos orzamentos municipais.

Os **impostos locais**, incluídos nos Capítulos I e II supoñen o **31,5 %** dos ingresos dos concellos. Hai que ter en conta que nestes Capítulos tamén se contabilizan as cantidades que perciben as grandes cidades en concepto de cesión de impostos estatais, e que a efectos deste estudio foron cuantificadas no apartado da Participación nos Ingresos do Estado.

A gran diferenza per cápita entre os concellos menores de 5.000 habitantes e os concellos maiores de 20.000 habitantes atopámola no IBI urbano, onde a distancia se establece en preto de 100€ por habitante a favor dos segundos, onde ten gran incidencia a valoración catastral, o número de unidades urbanas por habitante e, en menor grao, o tipo impositivo aplicado por cada concello.

En canto aos restantes impostos, o comportamento é máis homoxéneo nos distintos tramos de poboación, habendo una diferenza de 8€ por habitante a favor dos concellos máis poboados no IVTM, segundo imposto máis importante en termos recadatorios, e unha maior homoxeneidade xenérica no IAE (moi ligado ao desenvolvemento económico do cada concello) e o ICIO, que neste ano acada cifras similares en torno aos 15€ por habitante en todos os estratos poboacionais.

Hai que destacar o desenvolvemento do BICES nos concellos con menor número de habitantes (aínda que os efectos se

centran en determinados municipios), que esta tendo un crecemento importante nos últimos anos, e que supera os 20€ por habitante nos concellos menores de 2.000 habitantes, por enriba dos 8,5€ da media xeral.

Por último, o Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana ten efecto nos concellos maiores de 20.000 habitantes e, en menor grao, nos concellos entre 5.000 e 20.000 Habitantes, sendo residual nos concellos con poboación por debaixo destas cifras.

No capítulo de **Taxas e Outros Ingresos**, os concellos ingresaron un total de **394 Millóns de Euros**, o **17,5 %** do total de ingresos. A esta cifra habería que engadirille as cantidades recadadas pola prestación de servizos realizados a través de Mancomunidades, Empresas Públicas e Consorcios, e que non veñen reflectidas neste estudo.

O concepto máis importante dentro deste Capítulo son as Taxas pola prestación de servizos públicos básicos (onde destacan a recollida e tratamento de lixo e servizo de abastecemento de auga) con 182 Millóns de Euros.

A **Participación nos Ingresos doutras Administracións** é tamén unha importante fonte de ingresos para os concellos. Neste apartado inclúese a Participación nos Ingresos do Estado (que suma 484 Millóns de Euros, o 21,5 % do total) e a Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma, o chamado Fondo de Cooperación Local (**114 Millóns de Euros**, o **5%** dos ingresos dos concellos).

A gran diferenza entre ámbalas dúas liñas financeiras radica no criterios utilizados para realizar o reparto por cada administración. A Participación estatal prima xenericamente aos concellos que contan cun maior número de habitantes e aqueles con maior capacidade económica, mentres que o Fondo de Cooperación Local autonómico ten en conta, ademais da poboación, outros factores que inciden na prestación dos servizos (entidades singulares de poboación e extensión).

A cantidade ingresada en concepto **doutras transferencias correntes e de capital** ascendeu a **443 Millóns de Euros** (o 20 % do total), onde destacan os 227 Millóns percibidos da Comunidade Autónoma e 114 Millóns doutras entidades locais, na súa maior parte, das Deputacións Provinciais.

O custo estándar e a xestión dos servizos de competencia local

O pasado mes de febreiro, o Goberno presentou o Anteproxecto de Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local no que ten especial protagonismo o controvertido concepto de custo estándar.

Metodoloxicamente, entendemos que é moi desafortunada a filosofía establecida en relación a este concepto, tendo en conta ademais que fronte á simpleza e subxectividade desta valoración, hai diversos e prestixiosos estudos en materia de xestión dos servizos dos concellos, que nos permitirían facer un diagnóstico moito máis preciso e obxectivo, baseado nas múltiples variables que afectan á calidade, eficiencia e custo de cada un deles, e que suporía poder adoptar decisións moito máis axeitadas, que consideramos imprescindibles, dado o calado da reforma que se pretende acometer.

No caso concreto dos concellos galegos, e unha vez realizada unha valoración da liquidación dos orzamentos correspondentes ao ano 2011, podemos observar un ano máis unha disparidade importante entre os ingresos e gastos de cada municipio. Nos distintos tramos de poboación, e ao carón de municipios que teñen cifras moi por debaixo da media, contamos cun grupo significativo que supera de forma clara ese valor medio.

Unha complexa distribución dos habitantes no territorio


Na análise dos resultados, hai varios factores que dalgún xeito explican os distintos niveis de ingresos e gastos de cada entidade local, pero imos destacar pola súa transcendencia os seguintes que,

Os **restantes ingresos** dos concellos corresponden aos capítulos de Ingresos Patrimoniais, Alleamento de Inversións Reais, Activos Financeiros e Pasivos Financeiros, e ascenderon a un total de **115 Millóns de Euros**, o 5% dos ingresos totais.

desafortunadamente, non son valorados no cálculo do custo estándar definido no Anteproxecto.

- A capacidade económica que ten cada concello, con independencia do seu número de habitantes, que lles permite contar en determinadas circunstancias con actividades económicas dentro do seu territorio que teñen a súa repercusión nas arcas locais, nalgúns casos moi cuantiosas, pero que tamén poden ocasionar custos extraordinarios nestes municipios.
- En determinados concellos, o censo de poboación non se corresponde co número real de habitantes aos que se debe prestar servizo, moi común nos municipios turísticos e no ámbito das grandes cidades.
- Un inadecuado reparto dos recursos entre os concellos, con especial incidencia da Participación nos Ingresos do Estado.
- Por enriba de todos eles, destaca a complexa distribución dos habitantes no territorio, e que especialmente no caso galego, dificulta en grao sumo a prestación dos servizos.

Por todo iso, consideramos inaceptable a valoración da xestión dos concellos sen ter en conta factores como os citados. É necesario o establecemento de criterios reais que midan a eficiencia e eficacia dos servizos, que van máis aló do custo estándar, tal e como se define no texto. Dentro do gasto que asumen os concellos no desenvolvemento das súas competencias, é evidente que hai unha marxe de mellora, pero non é menos certo que hai un custo irrenunciante, atendendo aos parámetros que observamos no gráfico.



	MENORES 2.000 HABITANTES	ENTRE 2.000 - 5.000 HABITANTES	ENTRE 5.001 - 20.000 HABITANTES	MÁIS 20.000 HABITANTES	TOTAL
NÚMERO DE HABITANTES	125.194	334.563	905.241	1.430.424	2.795.422
Nº CONCELLOS	95	104	94	22	315
KILÓMETROS CUADRADOS	8.325	10.894	7.825	2.530	29.574
ENTIDADES SINGULARES POBOACIÓN	5.361	10.484	10.567	3.639	30.051
GASTO TOTAL (En millóns de€)	115,3	260,8	672,1	1.248,10	2.296,30

Galicia, en concreto, conta con aproximadamente **30.000 entidades singulares de poboación**, máis da metade das existentes no Estado, e esta peculiar característica territorial, que afecta extraordinariamente á prestación de servizos dos nosos concellos, tamén é extrapolable a moitas das competencias que desenvolven as Deputacións Provinciais e a propia Xunta, e que no caso galego teñen irremediamente un custo máis elevado. Exemplos claros os atopamos en servizos como o alumeado público, infraestruturas, acceso a núcleos de poboación, recollida e tratamento de residuos, transporte escolar, colexios, centros de saúde, servizos sociais (especificamente a atención a persoas dependentes),...

A FEGAMP participou hai tres anos nun interesante proxecto de análise do servizo de Policía Local de Galicia mediante indicadores de xestión, xunto á Xunta de Galicia, Universidade de Vigo e a Deputación de Barcelona. Esta última entidade implantou hai varios anos este estudo para un número importante de servizos municipais a través dos Círculos de Comparación

Municipal, o que supón unha análise exhaustiva de cada un deles, atendendo a diversos e obxectivos parámetros, para impulsar unha mellora continua daqueles. É un dos moitos exemplos que temos nos últimos anos en materia de réxime local, e que nos permitiría facer un diagnóstico máis acertado da situación concreta.

Servizos esenciais e de calidade

Moitos dos servizos que actualmente prestan os concellos cabe cualificalos como esenciais, e non se pode establecer un criterio de avaliación exclusivamente baseado nun custo estándar per cápita. Os servizos esenciais esixen que a súa cobertura alcance á totalidade do territorio en condicións de calidade similares, incluídas as zonas con especial complexidade territorial.

Entendendo que é posible e desexable dotar dos instrumentos necesarios e establecer fórmulas concretas para a mellora na prestación dos servizos de todas as administracións, en especial daquelas que teñen un maior gasto, o establecemento da calidade dun

servizo exclusivamente en función do custo per cápita sería contradicir principios sociais básicos.

A centralización de determinados servizos, nos que a maior proximidade ao cidadán, atendendo ás súas peculiaridades características, é fundamental para poder realizar unha prestación eficiente, inevitablemente conduciría a unha perda de calidade, sen ter ademais a seguridade de que nalgúns casos o custo puidese ser mesmo máis elevado.

¿Economicismo o reequilibrio?

En definitiva, e no marco actual da reforma local, onde por certo, e sorprendentemente, non se fai mención de forma clara e concreta á necesaria reforma do financiamento local, podemos optar polo actual modelo proposto puramente economicista establecido no anteproxecto, que a ben seguro será discriminatorio para boa parte da cidadanía, ou podemos valorar a utilización de criterios máis amplos, que teñan en conta tamén factores sociais, territoriais e de xestión, para lograr un verdadeiro reequilibrio xusto e adecuado entre as distintas áreas do Estado.

COMPETENCIAS OBRIGATORIAS DOS CONCELLOS

LEI 7/1985, REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL

En todos os Concellos

- > Alumeado público
- > Cemiterio
- > Recollida de residuos
- > Limpeza viaria
- > Abastecemento domiciliario de auga potable
- > Rede de sumidoiros
- > Acceso aos núcleos de poboación
- > Pavimentación das vías públicas
- > Control de alimentos e bebidas.

Concellos maiores de 5.000 Habitantes

- > Parque público
- > Biblioteca pública
- > Mercado
- > Tratamento de residuos

Concellos maiores de 20.000 Habitantes

- > Protección civil
- > Prestación de servizos sociais
- > Prevención e extinción de incendios
- > Instalacións deportivas de uso público

Concellos maiores de 50.000 Habitantes

- > Transporte colectivo urbano de viaxeiros
- > Protección do medio.

SERVIZOS EXENTOS DE TAXA

TEXTO REFUNDIDO LEI REGULADORA DAS FACENDAS LOCAIS

- > Abastecemento de augas en fontes públicas
- > Iluminación de vías públicas
- > Vixilancia pública en xeral
- > Protección civil
- > Limpeza da vía pública
- > Ensino nos niveis de educación obrigatoria.

GASTO DOS CONCELLOS NO ANO 2011

¿ONDE SE GASTA?

O gasto dos concellos galegos no ano 2011 ascendeu a uns **2.300 Millóns de Euros, 820€ por habitante**, un ano máis, notablemente inferior á media estatal. A pesares desta diferenza negativa, hai servizos determinados no que o gasto per cápita galego é superior ao estatal, sobre todo nos concellos con menor número de habitantes, no que ten unha clara incidencia o peculiar factor territorial dos nosos municipios.

Os **10 programas de gasto** incluídos no Orzamento Funcional máis importantes en función da contía foron os seguintes:

1-BENESTAR COMUNITARIO

(420 Millóns de Euros)

Neste apartado inclúense a maior parte dos servizos obrigatorios que teñen que prestar todos os concellos conforme ao Artigo 26 da vixente Lei de Bases de Réxime Local (Recollida de Lixo, Saneamento, Abastecemento e distribución de auga, Limpeza Viaria, Cemiterios e alumeadado público entre outros).

O gasto total acadou os **150€ por habitante** (o 18 % do total), aínda que nos concellos menores de 2.000 habitantes sitúase preto dos 190€ per cápita.

2-VIVENDA E URBANISMO

(263 Millóns de Euros)

Representa o 11,5% do gasto total dos concellos, **94€ por habitante**. A maior parte concéntrase nas áreas de urbanismo e vías públicas, que representan máis do 85 % dos custos neste programa. O gasto per cápita é máis elevado de forma xenérica nos concellos con maior número de habitantes.

3-SERVIZOS DE CARÁCTER XERAL

(255 Millóns de Euros)

Inclúense neste apartado os gastos daqueles servizos que serven e apoian a todos os demais dos concellos, e representa o 11% do gasto total (**91€ por habitante**). É máis elevado en termos per cápita nos concellos con menor número de habitantes.

4-SERVIZOS SOCIAIS E PROMOCIÓN SOCIAL

(181 Millóns de Euros)

65€ por habitante destinan os concellos a este programa, o 8 % do gasto total. É sensiblemente maior nos concellos con menor número de habitantes en termos per cápita. Acción social e asistencia ás persoas dependentes acumulan o 80% do gasto neste sector.

5-SEGURIDADE E MOBILIDADE CIDADÁ

(166 Millóns de Euros)

Os concellos destinan de media **60€ por habitante** a este apartado, aínda que a maior parte do gasto se centraliza nos concellos con máis poboación. Representa un 7% do total dos concellos.

6-CULTURA

(156,5 Millóns de Euros)

Representa o 6,8 % do gasto total, que ascende a **56€ por habitante**, e é máis elevado nos concellos con maior número de habitantes en termos per cápita.

7- DÉBEDA PÚBLICA

(113,5 Millóns de Euros)

Representa o 5 % do gasto total, **40€ por Habitante**, aínda que preto do 70% desta contía corresponde a concellos con máis de 20.000 Habitantes.

8- DEPORTE

(108 Millóns de Euros)

Os concellos gastaron no 2011 **38,5€ por habitante** en deporte, un 4,7 % do total. En termos per cápita, o gasto é superior nos concellos con máis poboación e a metade corresponde a instalacións deportivas.

9- INFRAESTRUTURAS


(106,5 Millóns de Euros)

O gasto neste apartado sitúase no **38€ por habitante**, o 4,6 % do gasto total, pero o máis relevante é que os concellos galegos menores de 5.000 habitantes adican máis do 10% do seu orzamento a este programa (en torno a 100€ por habitante).

10- EDUCACIÓN

(96 Millóns de Euros)

34€ por habitante destinan os concellos galegos na área educación, sen diferenzas relevantes en termos per cápita entre os distintos tramos. Máis do 50% do gasto neste apartado destínase á ensinanza infantil e primaria.



DISTRIBUCIÓN DOS INGRESOS CONCELLOS GALEGOS LIQUIDACIÓN ORZAMENTO ANO 2011

16

CONCEPTO	Importe (Millóns de Euros)	Euros/Habitante	Peso Específico
IBI NATUREZA RÚSTICA	7,91	2,83	0,35%
IBI NATUREZA URBANO	395,88	141,62	17,71%
IBI BENS CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS (BICES)	23,67	8,47	1,06%
IVTM	130,42	46,65	5,83%
IVTNU	28,01	10,02	1,25%
IAE	78,15	27,96	3,50%
ICIO	40,40	14,45	1,81%
Taxa pola prestación de servizos públicos básicos	181,78	65,03	8,13%
Taxa pola prestación de servizos públicos de carácter social e preferente	18,13	6,49	0,81%
Taxa pola realización de actividades de competencia local	27,63	9,88	1,24%
Taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local	59,44	21,26	2,66%
Prezos Públicos	19,34	6,92	0,87%
Contribucións Especiais	1,45	0,52	0,06%
Ventas	2,64	0,94	0,12%
Reíntegro de operacións correntes	5,61	2,01	0,25%
Outros Ingresos Capítulo III	77,85	27,85	3,48%
Participación nos Ingresos do Estado (PIE)	484,62	173,36	21,68%
Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma (FCL)	113,70	40,67	5,09%
Outras Transferencias do Estado	60,92	21,79	2,73%
Outras Transferencias da Comunidade Autónoma	226,94	81,18	10,15%
Transferencias Entidades Locais	113,97	40,77	5,10%
Outras transferencias (consorcios, empresas privadas,...)	21,31	7,62	0,95%
Ingresos Patrimoniais	20,50	7,33	0,92%
Alleamento de Inversións Reais	4,38	1,57	0,20%
Activos Financeiros	3,62	1,29	0,16%
Pasivos Financeiros	86,95	31,10	3,89%
TOTAL	2.235,22	799,60	100,00%

DISTRIBUCIÓN DO GASTO DOS CONCELLOS GALEGOS POR PROGRAMAS

(TRAMOS DE POBOACIÓN) (LIQUIDACIÓN
ORZAMENTOS 2011 Euros por Habitante)

PROGRAMAS	Ata 2.000 Hab.	Entre 2.000- 5.000 Hab.	Entre 5.001- 20.000 Hab.	Máis de 20.000 Hab.	MEDIA	Peso Específico
Débeda Pública	17,83	22,37	33,15	51,63	40,63	4,95%
Seguridade e Mobilidade cidadá	14,78	14,79	41,90	84,59	59,29	7,22%
Vivenda e Urbanismo	75,13	90,40	77,64	106,86	94,01	11,44%
Benestar Comunitario	187,83	140,18	143,22	153,75	150,24	18,29%
Medio Ambiente	15,60	10,17	17,89	39,81	28,08	3,42%
Pensións	7,21	6,44	6,06	2,00	4,08	0,50%
Outras Prestacións económicas empregados	1,54	2,51	4,30	9,74	6,75	0,82%
Servizos Sociais e Promoción Social	84,32	76,40	64,77	60,40	64,80	7,89%
Fomento do Emprego	36,94	52,49	29,66	21,25	28,41	3,46%
Sanidade	8,15	4,78	3,28	5,03	4,57	0,56%
Educación	39,95	32,77	33,55	34,72	34,34	4,18%
Cultura	33,48	43,98	50,13	64,47	55,99	6,82%
Deporte	23,11	27,37	40,64	41,24	38,57	4,70%
Agricultura, Gandeira e Pesca	2,06	1,80	1,41	1,04	1,29	0,16%
Industria e enerxía	5,02	5,71	3,93	0,23	2,30	0,28%
Comercio, Turismo e PYMES	4,28	3,49	8,04	14,21	10,49	1,28%
Transporte Público	0,58	0,33	1,25	23,31	12,40	1,51%
Infraestruturas	118,95	82,24	45,38	16,07	38,09	4,64%
Investigación, desenvolvemento e innovación	0,00	0,00	1,08	0,00	0,35	0,04%
Outras actuacións carácter económico	0,31	0,46	2,45	2,20	1,99	0,24%
Órganos Goberno	20,07	22,01	17,78	19,95	19,50	2,37%
Servizos Carácter Xeral	205,43	126,97	82,27	78,44	91,18	11,10%
Administración financeira e tributaria	8,78	7,77	28,11	32,50	27,06	3,29%
Transferencias Administracións Públicas	9,75	4,18	4,57	9,08	7,06	0,86%
TOTAL	921,09	779,59	742,45	872,52	821,46	